

## ACTA Nº 8/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

### ASISTENTES:

**Vicepresidente en funcións de Presidente:** D. José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

### Pola Administración:

Presidencia: D. José Manuel Maceira Caldelas.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: D. Ramón del Valle López.

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: D. Santiago Antonio Roura Gómez

Consellería de Economía e Facenda: D. Juan Hernández López, D<sup>a</sup> Marta Blanco Aller e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Rodríguez Amaya.

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Camino Triguero Salas.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: D. José Luís Canosa Baldomir.

Consellería de Innovación e Industria: D<sup>a</sup>. Lourdes Courtier Ramos.

Consellería de Cultura e Deporte: D. Carlos Amoedo Souto e D. Miguel Ares Casal.

Consellería de Sanidade: D. Antonio J. Fernández Paniagua.

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: D<sup>a</sup>. Lourdes Batán Aira.

Consellería de Traballo: D. José Vázquez Portomeñe.

### Polas organizacións sindicais:

CIG: D. Manuel Gallardo Canitrot e D. Henrique Salas Ellacuriaga.

CCOO: D. Carlos Pardo Pardo.

UGT: D<sup>a</sup> Rosario Valledor Puente e D. Miguel Ángel Dono Gómez.

CSI-CSIF: D. Alvaro Fernández Baamonde e D. Xosé Raposo Gallego.

**Secretario:** D. Carlos Carid Fernández

En Santiago de Compostela, sendo as 13:00 horas do día 23 de xuño de 2006, reúnese, en sesión ordinaria, na salón de actos nº 1 (grande) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

**Punto primeiro. Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 7/2006, correspondente á sesión anterior.**

**Punto segundo. Estudo do borrador do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia.**

Como cuestión previa o Presidente en funcións informa que o Secretario Xeral da Vicepresidencia e do Benestar e o Secretario Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, escusaron a súa asistencia á reunión.

**Punto primeiro. Lectura e aprobación, se procede, da acta 7/2006 correspondente á sesión anterior.**

Foi lida acta 7/2006, correspondente á sesión anterior, sendo aprobada coa seguinte observación formulada pola representante da organización sindical UGT:

No punto terceiro, páxina 3, no parágrafo relativo a súa intervención, onde dí: “...estiman insuficiente a esixencia de 5 anos de experiencia para o persoal das entidades locais...”; debe dicir: “...estiman insuficiente a esixencia de 5 anos de experiencia para o persoal das entidades locais nos servizos de urbanismo...”

Solicita que se achegue copia do anexo da acta.

**Punto segundo. Estudo do borrador do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia.**

\* O Presidente agradece as boas aportacións ao borrador do anteproxecto de lei das organizacións sindicais que, realizadas en varias reunións de estudo celebradas cos seus representantes, melloraron o texto e así foron recollidas. Noutros aspectos non foi posible acadar un acordo, quedando algunhas cuestións para un desenvolvemento regulamentario.

Sobre o borrador do anteproxecto, informa que, no artigo 2, na modificación do artigo 7.1 o límite de nomeamentos de persoal interino por acumulación estacional de tarefas, auméntase ata o 20 por cento do cadro de persoal do centro directivo, manténdose no 3 por cento do persoal funcionario da Administración da Comunidade. No artigo 19, modificación do artigo 60, régúlase a promoción interna ao corpo administrativo da Xunta dos/as funcionarios que, sen posuír a titulación académica, teñan unha antigüidade de cinco e superen os cursos que se determinen.

Con respecto ao texto entregado, engádesse unha disposición adicional décimo quinta relativa ao persoal transferido do INEM no ano 1998. O persoal procedente do mesmo organismo, transferido no ano 1993, non afectado polo correspondente Plan de Emprego queda fora do texto da lei e será obxecto dun proceso de negociación sobre a súa situación.

\* Intervén o representante da organización sindical CIG que, en primeiro lugar felicítase por poder negociar, por primeira vez, o texto do anteproxecto da Lei. Non obstante solicitaron un adiamento desta reunión co fin de poder estudar a incidencia do Real Decreto-Lei de 5/2006, do 9 de xuño, sobre a mellora do crecemento e do emprego.

Non están conformes coa regulación que se fai no texto para un determinado colectivo de persoal , cuxo tratamento debe realizarse a través dun regulamento.

Teñen a esperanza en que o Congreso dos Deputados non convalide o Real Decreto-Lei citado, polo que o seu voto é favorable; pero condicionado ao cumprimento dos compromisos acadados para a implantación dun horario flexible, a modificación do Regulamento de Provisión de postos de

traballo, a convocatoria dos postos de provisión polo sistema de libre designación que se incorporen á RPT como de concurso, e a modernización e a transparencia da Función Pública de Galicia.

\* O Presidente sinala que terá que estudarse se é posible que a norma estatal desprace a norma que debe aprobar o Parlamento de Galicia, tendo en conta que o texto foi contrastado co proxecto de Estatuto Básico do Empregado Público.

O Goberno de Galicia ten un claro compromiso de modernización da Función Pública de Galiza.

\* Intervén o representante da organización sindical CCOO que, en primeiro lugar, celebra o proceso seguido para a mellora do anteproxecto de Lei, se ben seguen considerando o texto como extemporáneo, xa que existen cuestións nas que a Lei de Galicia está condicionada pola aprobación do Estatuto Básico do empregado público.

Manifesta a súa posición contraria ao anteproxecto de lei por razón de que debía acompañarse dun pacto administración-sindicatos, ao non ter confianza en que a administración cumpra os compromisos non escritos. O Texto ten carencias relativas a:

- Non establece o límite ao nomeamento do persoal eventual.
- Non prevé a presenza de representantes sindicais nos órganos de selección de persoal.
- Aínda que existe un avance respecto dos postos de provisión polo sistema de libre designación, segue a e ser posible tal forma de provisión para os servizos.
- Non se incorpora a opción da readmisión no suposto de despido improcedente.
- Non regula a “promoción cruzada”.
- Non regula as vacacións, permisos e licenzas.
- Non se negocian os dereitos sindicais.

Na actualidade está en trámite un anteproxecto de lei de inserción laboral da muller galega, que modifica a Lei 4/1988, así como a Lei 7/2004, o que se considera unha falta de respecto aos representantes sindicais.

Fai constar a súa discrepancia absoluta, sendo un dos aspectos que máis xustifica a súa posición negativa, polo tratamento que lle da ao persoal sen estabilidade. Todos os/as traballadores/as, en circunstancias semellantes deben ter os mesmos dereitos e a responsabilidade da contratación irregular é da Administración. Solicita que ata o límite máximo permitido pola lei, se resolva a situación irregular do persoal.

Móstrase de acordo con que se dea unha solución para o colectivo de transferidos do INEM do ano 1998; pero existen outros colectivos de persoal en situacións semellantes, entre os que se atopan os transferidos do mesmo organismo no ano 1993.

\* Toma a palabra o Presidente referíndose a que, dende o principio se intentou chegar a solucións técnicas viables, e se introduciron importantes melloras na lei. Non é posible abordar tódalas cuestións nun texto con rango de lei, no que se incorporan medidas de mellora das condicións de traballo, medidas de conciliación da vida familiar e laboral, e se trata de dotar a Administración de instrumentos que fagan innecesario o recurso á contratación irregular de persoal, o que redundará en

beneficio da Administración e da mellora dos servizos; pero é necesario presentar xa o anteproxecto, quedando outras cuestións para posteriores normas regulamentarias.

\* Intervén a representante da organización sindical UGT. Sinala que, inicialmente, plantexaron como máis axeitado esperar á aprobación do Estatuto Básico, se ben trataron de chegar a un acordo. No texto votan en falta:

- Que non se garante o posto en caso de supresión mediante unha modificación da RPT.
- A garantía dunha promoción interna independente.
- Teñen dúbidas sobre a situación do persoal, que conforme ao artigo 42 modificado, se incorpore no futuro e non se integre
- Debe incluír a todo o persoal transferido do INEM, se ben o afectado pola transferencia de 1998, por ter un situación distinta debe ter un tratamento diferente ao do ano 1993.

Mostra a súa conformidade con:

- O proceso de funcionarización que se regula.
- O contido da Disposición Transitoria 16.
- O avance na profesionalización da Administración, se ben estima que debería ampliarse.
- As medidas de conciliación da vida familiar e laboral.
- A ampliación dos dereitos.

Como organización están dispostos a dar solucións á problemática dos distintos colectivos de persoal, xa que todos son iguais, pero existen diferentes circunstancias.

O seu voto é favorable.

\* O representante da organización sindical CSI-CSIF intervén para indicar que, no seu momento manifestaron que, ante os cambios na normativa estatal, non era o intre de acometer a reforma da Lei de Galiza, na que participaron para melloralala.

Valoran positivamente os avances que incorpora o texto en materia de violencia de xénero, e as condicións de traballo. Non obstante, consideran que é insuficiente porque:

- Non se reduce a temporalidade.
- Non prevé que na Oferta de Emprego Público se inclúan o cen por cen das vacantes.
- Non regula unha xornada de traballo flexible.
- Sobre a redución de postos de provisión polo libre designación a Lei non o garante, polo que esperan que a Administración modifique as RPTs.
- Non existe un recoñecemento da carreira profesional do persoal.
- Rexeitan a Disposición Adicional 15, por razón de que entenden que ningún colectivo debe quedar fóra, xa que existe unha responsabilidade da Administración.

Por isto, non apoian a Lei de modificación da Lei 4/1988.

\* Intervén o Presidente para lamentar a falta de apoio ao Texto por parte da organización sindical CSI-CSIF, significando que non existe ningún ataque aos dereitos do persoal.

O persoal non ten a culpa da situación; pero os erros ou irregularidades da Administración non poden repercutir sobre os cidadáns que pretenden acceder á Administración Pública de Galiza en cumprimento dos principios constitucionais de acceso á Función Pública, (aproximadamente uns 75.000 no último ano).

Leváronse a cabo procesos de consolidación, regulados na Lei 4/1988, que non deron os froitos esperados para reducir a temporalidade. O Goberno en ningún caso pretende realizar procesos extraordinarios que vulneren a Constitución.

As medidas de estabilidade no emprego son axeitadas.

\* Toma novamente a palabra o representante da organización sindical CIG, para solicitar que no caso de que o Real Decreto-Lei 5/2006, se convalide e afecte ao persoal das Administracións, se convoquen reunións dos órganos correspondentes para adaptar o contido da norma estatal e o Texto da Lei de Galiza.

\* A representación da organización sindical CCOO solicita que se incorpore a versión inicial da Disposición Adicional 15 para outros colectivos con circunstancias semellantes.

A proposta foi aprobada co voto en contra das organizacións sindicais CCOO e de CSI-CSIF.

E non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo ás 14:20 horas do día da data.

Vº e prace,

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCÍONS  
DE PRESIDENTE**

José Rodríguez González

Dou fe

**O SECRETARIO**

Carlos Carid Fernández